

Expte. 1475/2024
RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta da Concellería de Xuventude do Concello da Guarda, a través da OMIX, en relación coas bases reguladoras do Campamento urbano de verán 2024.

En virtude das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, resolvo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para o Campamento Urbano deste verán 2024, co texto que figura no ANEXO.

SEGUNDO: Publicar as devanditas bases no Taboleiro de anuncios do Concello da Guarda.

ANEXO
PROPOSTA BASES CAMPAMENTO URBANO 2024

CAMPAMENTO URBANO – VERÁN 2024. CONCELLO DA GUARDA

1. OBXECTO.

A Concellería de Xuventude do Concello da Guarda, a través da OMIX organizan o Campamento Urbano deste verán 2024 co principal obxectivo de conciliar vida familiar e laboral.

2.- BENEFICIARIOS/AS . REQUISITOS.

Rapaces e rapazas de entre 4 (nados/as no 2020) e 12 anos empadroados/as na Guarda (**comprobarase de oficio polo Concello**)

En caso de que o/a menor precise apoio derivado da súa diversidade funcional, deberá facelo constar na **solicitud de inscrición (no apartado de observacións médicas)** especificando as necesidades especiais que presente.

3.- NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

O número de total de prazas ofertadas serán 60 prazas, repartíndose da seguinte forma: 40 prazas serán as reservadas para xullo e agosto, 20 para xullo e 10 para agosto

4.- DURACIÓN E HORARIO



O campamento desenvolverase durante os meses de xullo e agosto en horario de 9:00 a 14:00 horas da mañá, de luns a venres. Poderase solicitar horario ampliado: entrada ás 8 horas e/ou saída: 15 horas.

5.- PREZOS

Os prezos por praza serán: 100 € por todo o campamento e 80€ por mes de participación.

6.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES E BAREMACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, as prazas adxudicaranse seguindo o seguinte criterio:

- Menores cuxos proxenitores (**ámbolos dous**) ou titores legais estén traballando (por conta propia ou allea): 10 puntos
- Cando soamente un proxenitor/a estea en situación laboral activa: 5 puntos

O total máximo de puntos que se poderá alcanzar será de 10 puntos.

Para acreditar tal circunstancia deberase presentar certificado vida laboral actualizada a mes de maio 2024.

Das 60 prazas dispoñibles reservaranse dúas prazas destinadas, de ser o caso, a familias de especial vulnerabilidade (situación valorada polo concello con informe previo do departamento dos Servizos sociais municipais).

As solicitudes e a documentación presentada serán valoradas por unha comisión técnica formada por: Concelleiro da Área de xuventude, Técnica AEDL, Educadora familiar e Técnica Información xuvenil exercendo como secretaria con voz e voto.

7.- INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes será dende o día 13 ata o 31 de maio presencialmente ou a través da sede electrónica (<https://aguarda.sedelectronica.gal>) durante a vixencia do prazo de inscrición.

As instancias de participación poderanse recoller na OMIX do Concello da Guarda ou na web do concello www.aguarda.es. As solicitudes presentaranse no Rexistro municipal xunto coa seguinte documentación:

- Solicitud de praza ou prazas asinadas polos pais/nais ou titores legais.
- Observacións médicas.
- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal.



- Fotocopia DNI do/a menor (se non ten DNI libro de familia)
- Xustificación actualizada no momento de presentar á solicitude da ocupación de pai/nai/titor/a legal da persoa menor: certificado vida laboral actualizada a mes de maio 2024. Únicamente no caso de empresas con domicilio social fóra de España poderá presentarse certificado de empresa.

Se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos requirirase á persoa interesada para que presente subsanación no prazo máximo e improrrogable de **2 días naturais**, indicándolle que, de non solucionar as deficiencias ou non achegar a documentación requirida, entenderase que ten por desistida a súa solicitude.

8.- ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS.

Unha vez rematado o prazo de inscrición o Concello elaborará unha listaxe de persoas adxudicatarias das prazas que será publicada no taboleiro da sede electrónica municipal así como unha listaxe de reserva, que aparecerá codificado co número de rexistro da solicitude. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo orde numérica.

En caso de empate de puntuación e sempre que existan máis solicitudes que prazas existentes realizarase un sorteo público entre as solicitudes empatadas que determinará a ocupación da praza. Faranse tres sorteos: un para as 40 prazas de xullo e agosto, outro para as do 20 de xullo e outro para as 10 de agosto. O sorteo público realizarase no salón de plenos do Concello o día 10 de xuño ás 10:00 horas.

9.- ASISTENCIA.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma: cinco faltas no caso de asistir un mes e dez faltas no caso de todo o campamento. Esta perda de praza será automática e se lle comunicará a persoa interesada cubrindo dita praza ca persoa seguinte na listaxe elaborada.

No caso de quedar prazas libres poderán participar persoas que non estén empadroadas no concello e cumpran os restantes requisitos establecidos nas bases.

O Alcalde
Roberto José Álvarez Carrero

Documento asinado dixitalmente á marxe

